CA5.1 - Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto.	Elaborar documentos técnicos con ferramentas dixitais, para representar o proceso de creación dun produto. Proporcionar formato axeitado á documentación creada. Empregar vocabulario técnico axeitado.	PE	50
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Buscar e contrastar información que axude a resolver un problema proposto.	TI	50
CA4.1 - Describir, interpretar e deseñar solucións a problemas informáticos a través de algoritmos e diagramas de fluxo, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa.	Interpretar algoritmos sinxelos. Dar solución a problemas sinxelos a través de algoritmos.		
CA5.2 - Facer un uso eficiente e seguro dos dispositivos dixitais de uso cotián na resolución de problemas sinxelos coñecendo os riscos e adoptando medidas de seguridade para a protección de datos e equipos.	Utilizar de xeito xeito eficiente e seguro distintos dispositivos dixitais para resolver problemas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.3 - Crear contidos, elaborar materiais configurando correctamente as ferramentas dixitais habituais da contorna de aprendizaxe, axustándoas ás súas necesidades e respectando os dereitos de autor e a etiqueta dixital.	Crear contidos configurando correctamente as ferramentas dixitais utilizadas. Respectar os dereitos de autor e a etiqueta dixital.		
CA5.4 - Organizar a información de maneira estruturada aplicando técnicas de almacenamento seguro.	Organizar a información de maneira estruturada e segura.		
CA5.5 - Adoptar medidas preventivas para a protección dos dispositivos, dos datos e da saúde persoal, identificando problemas e riscos relacionados co uso da tecnoloxía e facendo unha análise ética e crítica.	Protexer os dispositivos e datos utilizados no desenvolvemento do traballo. Evitar os riscos para a súa saúde derivados do mal uso da tecnoloxía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos.</li> <li>- Ética e aplicacións das tecnoloxías emerxentes.</li> <li>- Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Vocabulario técnico apropiado.</li> <li>- Habilidades básicas de comunicación interpersoal. Pautas de conduta propias da contorna virtual, etiqueta dixital.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a elaboración de documentación técnica relativa a proxectos.</li> <li>- Dispositivos dixitais. Elementos do hardware e do software. Identificación e resolución de problemas técnicos sinxelos.</li> <li>- Ferramentas e plataformas de aprendizaxe: configuración, mantemento e uso crítico.</li> <li>- Ferramentas de edición e creación de contidos: instalación, configuración e uso responsable.</li> <li>- Propiedade intelectual e etiqueta dixital.</li> <li>- Técnicas de tratamento, organización e almacenamento seguro da información. Copias de seguridade.</li> <li>- Seguridade na Rede: riscos, ameazas e ataques.</li> <li>- Medidas de protección de datos e información. Benestar dixital: prácticas seguras e riscos (ciberacoso, sextorsión, vulneración da propia imaxe e da intimidade, acceso a contidos inadecuados, adiccións...).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Pensamento computacional. Programación en Scratch	13

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Programar aplicacións sinxelas empregando os elementos de programación de maneira apropiada e aplicando ferramentas de edición.	Programar aplicacións sinxelas.	PE	50
CA1.1 - Definir problemas ou necesidades expostas, buscando e contrastando información procedente de diferentes fontes de maneira crítica e segura e avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	Buscar e contrastar información que axude a resolver un problema proposto.	TI	50
CA3.2 - Montar sistemas de control e/ou robots sinxelos mediante a incorporación dos elementos necesarios para a resolución dos problemas propostos.	Coñecer os elementos básicos dun sistema de control ou robot.		
CA4.1 - Describir, interpretar e deseñar solucións a problemas informáticos a través de algoritmos e diagramas de fluxo, aplicando os elementos e as técnicas de programación de maneira creativa.	Interpretar algoritmos sinxelos. Dar solución a problemas sinxelos a través de algoritmos.		
CA4.3 - Automatizar procesos, máquinas e obxectos sinxelos, mediante a análise e a programación de robots e sistemas de control.	Automatizar un proceso ou máquina sinxelos, programando un sistema de control ou robot.		
CA5.1 - Representar e comunicar o proceso de creación dun produto desde o seu deseño ata a súa difusión, elaborando documentación técnica e gráfica coa axuda de ferramentas dixitais, empregando os formatos e o vocabulario técnico axeitados, de maneira colaborativa, tanto presencialmente como en remoto.	Elaborar documentos técnicos con ferramentas dixitais, para representar o proceso de creación dun produto. Proporcionar formato axeitado á documentación creada. Empregar vocabulario técnico axeitado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias, técnicas e marcos de resolución de problemas en diferentes contextos e as súas fases.</li> <li>- Estratexias de procura crítica de información durante a investigación e a definición dos problemas expostos.</li> <li>- Análise de produtos e de sistemas tecnolóxicos sinxelos para a construción de coñecemento desde distintos enfoques e ámbitos.</li> <li>- Emprendemento, resiliencia, perseveranza e creatividade para abordar problemas desde unha perspectiva interdisciplinaria.</li> <li>- Desenvolvemento tecnolóxico: creatividade, innovación, investigación, obsolescencia e impacto social e ambiental.</li> <li>- Compoñentes básicos e funcionamento dun sistema de control ou robot sinxelo: sensores, actuadores e controladores.</li> <li>- Montaxe de sistemas de control ou robots sinxelos para a resolución de problemas técnicos.</li> <li>- Algorítmica e diagramas de fluxo.</li> <li>- Aplicacións informáticas sinxelas para ordenador.</li> <li>- Sistemas de control programado: uso de simuladores e programación sinxela de dispositivos.</li> <li>- Fundamentos da robótica: control programado de robots sinxelos de maneira física ou por medio de simuladores.</li> <li>- Autoconfianza e iniciativa: o erro, a reavaliación e a depuración de erros como parte do proceso de aprendizaxe.</li> </ul>

## Contidos

- Vocabulario técnico apropiado.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia debe afrontarse cunha metodoloxía eminentemente práctica e cun enfoque competencial do currículo que potencie a aprendizaxe significativa do alumnado.

O eixe vertebrador será a realización de proxectos tecnolóxicos con metodoloxías que fomenten a resolución de problemas mediante o deseño e construción de sistemas técnicos e prototipos eléctricos, mecánicos, robóticos, etc. Durante a realización dos proxectos, o alumnado terá a oportunidade de levar a cabo determinadas tarefas mentres explora, descobre, experimenta, aplica e reflexiona sobre o que fai, o que favorecerá a súa implicación no proceso de aprendizaxe e fará que este sexa máis significativo e duradeiro.

Promoverase a participación do alumnado, resaltando o traballo colectivo como forma de afrontar os desafíos e os retos tecnolóxicos que propón a nosa sociedade.

Utilizaranse estratexias que promovan un uso eficiente, seguro e ético de diferentes aplicacións dixitais para diversas funcións como o deseño, a simulación e a comunicación e difusión de ideas ou solucións.

Utilizaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que promovan o traballo en equipo, guiando o alumnado desde proxectos sinxelos ata proxectos máis complexos que permitan o seu logro e satisfacción por parte do devandito alumnado poñendo en práctica, se fose necesario, mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Taller de tecnoloxía.
Ordenadores con conexión a internet. Un ordenador por alumno.
Software de uso xeral (sistema operativo, ofimática....) e de uso específico (editores de arquivos audiovisuais, simuladores, entornos de programación...). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase software libre.
Materiais para a fabricación, tratando de potenciar a reutilización.
Ferramentas manuais e eléctricas propias do taller de tecnoloxía.
Operadores e compoñentes eléctricos e electrónicos.
Dispositivos de fabricación dixital: impresoras 3D e cortadora láser.
Dispositivos de robótica.
Compoñentes para sistemas de control programados: sensores, actuadores, placas controladoras con conexión a internet (IOT). En todo caso e salvo que non sexa posible, utilizarase hardware libre.
Materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos.
Contorno virtual de aprendizaxe do plan Edixgal.

Os alumnos contan cun ordenador propio e traballarase coa plataforma E-dixgal. O material e as actividades colgaranse na plataforma pero o alumnado elaborará un caderno de traballo ao longo do curso en formato de papel. Para as prácticas e proxectos utilizaremos o taller de tecnoloxía.



Tamén se poden facer pequenas prácticas e proxectos individuais tanto na aula coma na casa.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso, realizarase un cuestionario acerca das competencias adquiridas en primaria relacionadas coa materia de tecnoloxía e dixitalización (contidos básicos de matemáticas, debuxo e ciencias da natureza de 6º de primaria).

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>12</b>	<b>13</b>	<b>12</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>

### Criterios de cualificación:

#### PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA TRIMESTRE:

- Procedemento de avaliación: Exames. Instrumento de avaliación: probas escritas. Peso no total do trimestre ou avaliación: 50 %
- Procedemento de avaliación: Traballos. Instrumento de avaliación: táboa de indicadores. Peso no total do trimestre ou avaliación 40%
- Procedemento de avaliación: Observación directa. Instrumento de avaliación: táboa de indicadores. Peso no total do trimestre ou avaliación: 10 %

Dentro de cada un dos procedementos anteriores o profesor estipulará previamente que tipo de cálculo aritmético vai empregar para o cálculo final de cada apartado, tendo en conta as ponderacións que para cada unidade didáctica se establecen na epígrafe 3.1 desta programación didáctica.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA CADA TRIMESTRE:

- Exames (50%): Comprende tódalas probas escritas realizadas durante a correspondente avaliación.
  - A media de tódolos exámes realizados durante unha avaliación debe ser igual ou superior a 4 puntos para poder compensar cos outros procedementos e instrumentos de avaliación. En caso de que esta media dos exames dunha avaliación sexa inferior a 4 puntos a cualificación da avaliación será igual á nota media dos exámes e non se terán en conta o resto de procedementos e instrumentos de avaliación por considerarse que non se acadaron os mínimos exixibles para superar o trimestre.
  - Copiar nun exame considérase un fraude, polo que dita práctica suporá unha calificación de 1 punto na avaliación e un parte de amoestación para o alumno. Na seguinte sesión repetiráselle o exame ó alumno. Durante os exames non se premiten os apuntamentos nin os dispositivos electrónicos (salvo a calculadora ou o portátil Edixgal se o profesor así o autoriza), polo que se un alumno ten á vista calquera destes obxectos non permitidos durante o exame suporá tamén unha cualificación de un punto na correspondente avaliación e un parte de amoestación. Do mesmo xeito, tamén se lle repetirá o exame a este alumno na seguinte sesión de clase.
  - Se un alumno falta a un exame deberá xustificar debidamente a súa ausencia durante a realización desa proba, pois en caso de que non realice esa xustificación será cualificado cun 0 nese exame. En caso de que o alumno xustifique convenientemente a súa ausencia á proba deberá comunicarllo á maior brevidade posible ó profesor a efectos de acordar unha data para realizar a proba.
- Traballos (40%): Comprende os cuestionarios en Edixgal, boletíns de exercicios, prácticas de taller... realizados

durante a correspondente avaliación.

- A media de tódolos traballos realizados durante unha avaliación debe ser igual ou superior a 4 puntos para poder compensar cos outros procedementos e instrumentos de avaliación. En caso de que esta media sexa inferior a 4 puntos a cualificación da avaliación será igual á nota media dos traballos e non se terán en conta o resto de procedementos e instrumentos de avaliación por considerarse que non se acadaron os mínimos exixibles para superar o trimestre.

- Para que un alumno teña unha nota positiva na práctica de taller deberá colaborar activamente cos seus compañeiros de equipo na realización desta, polo que non cumprir con esta colaboración suporá un cero na práctica para ese alumno. Ademais, se un alumno non cumpre co seu traballo dentro do equipo levará un parte de amoestación.

- Se na aula taller un alumno pon en perigo de forma intencionada a súa propia seguridade e/ou a seguridade dos seus compañeiros e do seu profesor levará unha cualificación de 1 punto nesa avaliación, ademais de levar o correspondente parte de amoestación.

- Entregar un traballo copiado considérase un fraude, polo que esta práctica suporá que o alumno que a realice levará unha cualificación de 1 punto na nota da correspondente avaliación e un parte de amoestación.

- Os traballos que non sexan entregados no prazo de tempo establecido polo profesor serán calificados cun cero, salvo causa debidamente xustificada polo alumno que, nese caso, terá dereito á concesión dunha prórroga na entrega sen afectar á cualificación do traballo.

- Observación directa (10%): Comprende o caderno do alumno, o traballo na aula e na casa, acudir á clase co material escolar necesario, traer á clase o portátil de Edixgal coa batería cargada, a asistencia a clase... durante a correspondente avaliación.

- O profesor revisará periódicamente os cadernos dos alumnos, os cales deberán estar completos e ó día. En caso de que un alumno non cumpra con este requerimento suporá unha valoración negativa neste apartado.

- A falta de traballo do alumno na aula tamén se valorará negativamente neste apartado e suporá tamén un parte de amoestación.

- Do mesmo xeito, acudir á aula sen facer as tarefas propostas polo profesor para a súa realización autónoma por parte do alumno fora da aula suporá unha valoración negativa neste apartado.

- Acudir á clase sen o material escolar indicado polo docente para realizar as actividades de ensino-aprendizaxe na aula suporá unha valoración negativa neste apartado.

- Acudir á clase sen o portátil do programa Edixgal ou acudir con este coa batería descargada tamén suporá unha valoración negativa neste apartado.

- As faltas de asistencia sen xustificar valoraranse negativamente neste apartado.

En caso de que un alumno, nunha avaliación concreta, non cumpra simultaneamente co mínimo exixible de 4 puntos tanto nos exames como nos traballos, a cualificación que levará na avaliación será a máis baixa destes dous apartados.

A cualificación obtida polo alumno en cada unha das 3 avaliacións do curso, ós únicos efectos de transcribirla ó informe de avaliación do alumno, redondearase ó enteiro inmediatamente inferior, non afectando este redondeo ó calculo da cualificación da avaliación final no que se considerará a nota realmente acadada polo alumno en cada unha das tres avaliacións.

Considérase que unha avaliación estará superada cando o alumno acade unha nota mínima de 5 puntos sobre 10 na cualificación desa avaliación. En caso contrario, considérase a avaliación como suspensa.

#### CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL

Realizarase unha media ponderada das 3 avaliacións, dependendo do número real de unidades didácticas que finalmente se impartiron en cada unha das tres avaliacións e do peso destas na cualificación da materia segundo se establece na epígrafe 3.1 desta programación didáctica.

Para poder aprobar o curso é necesario obter un mínimo de 4 puntos en cada trimestre, por considerarse que é o mínimo exixible para superar a materia, polo que o alumno que non cumpra este requerimento levará como cualificación na avaliación final a nota da avaliación na que non cumprise esta condición, sen ter en conta a ponderación do resto de avaliacións. En caso de que o alumno non cumpra esta condición en máis dunha avaliación levará na cualificación da avaliación final a cualificación máis baixa obtida nas tres avaliacións.

A cualificación obtida polo alumno na avaliación final, ós efectos de transcribirla ó informe de avaliación do alumno, redondearase ó enteiro máis próximo, a excepción daqueles alumnos nos que a súa cualificación da avaliación final estea comprendida entre o 4,5000 e o 4,9999 (ambos incluídos) onde a cualificación que se transcribirá ó seu informe de avaliación será dun 4 por non acadar realmente os 5 puntos exixidos para superar a materia.

Resaltar que para que un alumno teña a materia superada na avaliación final deberá acadar unha nota mínima de 5 puntos sobre 10 na cualificación da avaliación final. En caso contrario, terá o curso suspenso.

#### **Criterios de recuperación:**

#### CRITERIOS DE RECUPERACIÓN PARA CADA TRIMESTRE

A recuperación de cada trimestre consistirá nun ou varios exames que versarán sobre os contidos das unidades didácticas desenvolvidas no correspondente trimestre. En caso de que a recuperación consista en máis dun exame o profesor estipulará previamente a ponderación que lle corresponde a cada unha das probas desenvolvidas nesa recuperación para o cálculo da cualificación global da recuperación dese trimestre.

A recuperación realizarase para cada unha das avaliacións que o alumno teña suspensas, é dicir, cunha cualificación inferior a 5 puntos. Polo tanto, soamente terán que facer a recuperación dunha avaliación os alumnos que a teñan suspensa, non permitindo ó alumnado coa avaliación aprobada presentarse á recuperación para mellorar a cualificación que xa tiña.

A recuperación dunha avaliación realizarase na avaliación seguinte, e/ou a final de curso, nas datas acordadas entre o alumnado e o profesor da materia.

A cualificación definitiva da avaliación será a cualificación maior obtida polo alumno. Así, se un alumno mellora a súa cualificación na recuperación, será esta última a cualificación definitiva desa avaliación e se empeora a súa cualificación na recuperación conservará a cualificación que xa tiña antes da recuperación.

#### ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE

O alumnado que acade a promoción do curso coa materia suspensa deberá seguir un plan de reforzo nesta materia para a súa recuperación e a súa superación no seguinte curso.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non procede.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Entre outras, contéplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ó alumnado que o requira.
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación.
- Desdoblamento de grupos.
- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento.
- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.).
- Adaptacións curriculares.

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X		X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.			X				X	
ET.8 - Creatividade.		X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde.	X		X				X	
ET.10 - Formación estética.		X		X			X	
ET.11 - Educación para a eficiencia e o consumo responsable.	X		X					
ET.12 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos.

Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e coa elaboración de documentación técnica. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica.

Comunicación audiovisual: presentación de resultados de prácticas e proxectos mediante creacións audiovisuais.

Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.

Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.

Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos tecnolóxicos.

Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e o benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos fomentará o traballo en equipo.

Creatividade: Desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.

Educación para a saúde: importancia do respecto polas normas de seguridade e hixiene no taller. Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade.

Formación estética: procesos de deseño e acabado nos proxectos tecnolóxicos.

Educación para a eficiencia e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía eficiente, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de eficiencia nos proxectos tecnolóxicos, sobre todo na elección de materiais e fontes de enerxía.

Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas relacionadas coa materia.	Saídas didácticas relacionadas coa materia.		X	

### Observacións:

Calquera actividade complementaria proposta deberá axudar a reforzar os contidos das distintas unidades didácticas do curso.

Ademáis, cada actividade contará coa aprobación e apoio do Equipo Directivo do centro.

Para cada actividade complementaria indicaranse as seguintes características:

- Obxectivos
- Profesorado responsable.
- Alumnado participante.
- Datas e lugar de celebración.
- Repercusións económicas.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.
As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas.
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica....
As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
<b>Clima de traballo na aula</b>
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación.
Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.
<b>Outros</b>
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.

### **Descrición:**

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

Nas reunións de departamento, utilizaranse táboas de cotexo baseadas nos indicadores de logro para obter a información.

A retroalimentación co alumnado farase a través de cuestionarios no contorno virtual de aprendizaxe do plan Edixgal.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ó remate do curso realizarase unha avaliación da programación mediante unha táboa de cotexo, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Na última semana do curso realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

### **9. Outros apartados**